

Comunicado de apoio ás Marchas da Dignidade



As Marchas da Dignidade é un movemento social que en Galiza aglutina no seu seo a máis de setenta organizacións e colectivos veciñais, organizacións sindicais, organizacións e colectivos políticos e sociais, e grupos municipalistas como o noso.

As Marchas da Dignidade creáronse buscando a unidade de acción entre moitos colectivos e persoas que tiñan un obxectivo común, resumido nunha frase: pan, traballo e teito. Foron capaces de agrupar a máis de 300 organizacións de todo o Estado e mobilizalas en manifestacións multitudinarias que reflectían o sentir dunha gran parte da poboación.

O vindeiro 24 de outubro ás 12 do mediodía, as Marchas da Dignidade volverán á praza do Obradoiro a reivindicar os nosos dereitos. Dende a Agrupación de electores de Redondela, AER, apoiamos esa mobilización e animamos a todas as persoas a que acudan ese día a Compostela a reclamar o que nos roubaron e a facer fronte a unha situación inxusta provocada pola cobiza do poder económico e o bipartidismo. No vindeiro pleno municipal, AER defenderá unha proposta en apoio das Marchas.

Redondela, a 30 de setembro de 2015